


Boletín nº 3, 2002

Amigos do Arqueolóxico da Coruña



Páx. 3.- Asociación:

O Patrimonio Arqueolóxico, unha riqueza para disfrutar.

Páx. 6.- Arqueoloxía:

Arqueología subacuática en La Coruña (1): Roma.

Miguel San Claudio Santa Cruz. Arqueólogo.

Páx 11.- Arquitectura:

EDIFICIOS DESAPARECIDOS NA CORUÑA

Cinema Cuatro Caminos (Un cine de barrio).

Miguel Silva Suárez. Arquitecto

Páx. 19.- Rutas arqueolóxicas

ARTE E PAISAXE NO PAIS DO DEZA.

Xesús Baños Rodríguez, Guía de Turismo.

Páx 21.- Museo

UNHA PEDRA DO MUSEO:

O Cuadrifaz de Pontedeume.

Rosa Brañas. Doctora en Historia.

Tipo de obxecto: escultura en bulto redondo

Localización no museo: vitrina na sala "Romanización", planta baixa.

Ficha Técnica: MAC 100. Dimensións: 27 x 20 x 20 cm.

Materia: Pedra de gra.

Procedencia: San Calcón (Santiago de Pontedeume, A Coruña).

Época/cultura: indeterminada

UNHA PEZA DO MUSEO: O CUADRIFAZ DE PONTEDEUME.

Rosa Brañas

Doctora en Historia. Ex-becaria da Consellería D.X.P. no Museo Arqueolóxico

FICHA TÉCNICA (MAC 100)

Tipo de obxecto: escultura en vulto redondo

Materia: pedra de gra

Dimensións: 27 x 20 x 20

Localización no museo: vitrina sala "Romanización", planta baixa.

Procedencia: San Calcón (Santiago de Pontedeume, A Coruña).

Época/cultura: indeterminada

O chamado "Cuadrifaz de Pontedeume" é un bloque pétreo de forma tronco-piramidal invertida cun rostro humano labrado en cada unha das catro caras. Todos os rostros son diferentes, pero con destacables semellanzas entre os opostos en forma e dimensións. As figuracións, feitas en relevo, representan faces con ollos globulares, narices triangulares e a penas unha incisión horizontal por boca. A parte superior presenta un rebaixe que atravesa, a modo de canle, toda a súa superficie, mentres outra canle parte perpendicularmente dende o centro da anterior cara a un dos extremos. A irregularidade destas formas, sen embargo, non permite asegurar unha factura intencional. O burato da parte inferior, no que hoxe en día se insire o pivote sobre o que descansa a peza, tampouco non sabemos se é orixinal (moito é de temer que se trate dun arranxo a posteriori para facilitar a súa exposición).

José Mª Luengo foi o primeiro en publicar a peza, interpretándoa como un produto da técnica "usada nas esculturas da cultura céltica dos castros", con

influencia artística helénica. En consideración a esta influencia máis ás súas características, Luengo consideraba que a peza presentaba toda a aparencia dunha figuración típica de Hermes, é dicir, a divindade grega relacionada coas vías de tránsito e, especialmente, as encrucilladas de dous, tres ou catro camiños que os gregos acostumaban sinalar con dúas, tres ou catro cabezas do deus. A relación coa "cultura céltica dos castros" viría avalada pola tradición céltica das chamadas "cabezas cortadas", entre as que se contan tamén exemplos bifaces. A isto engádese, segundo Luengo, a asimilación do Hermes clásico cunha divindade indíxena galaica portadora do mesmo nome máis un sobrenome galaico: ERMAI EIDEVORI (en epígrafe procedente de Outeiro Seco, Chaves - CIL II 2473).

Nesta mesma liña interpretativa sitúase o estudio de J.C.Bermejo Barrera no que o noso cuadrifaz ilustra precisamente a portada (*La sociedad en la Galicia castreña*¹). O interese da achega deste autor ó tema radica no afondamento do estudio comparativo das divindades dos camiños no mundo indoeuropeo en xeral, onde a parte das figuras de Hermes ou Hécate, deuses relacionados co tránsito na mitoloxía grega, se destacan tamén outras divindades similares no mundo céltico, como Lugus/Lug, e outras latinas como, ademais de Mercurio, os *Lares Viales*, os deuses dos camiños que gozaron no mundo galaico-romano dunha implantación inusitada en todo Imperio Romano.

¹ Este estudio reeditase na obra do mesmo autor *Mitología y mitos de la Hispania prerromana* 2, Cap. VII.

Se a todo isto engadimos a importancia que o folclore galego presta en xeral á encrucillada como lugar de encontro coa divindade e o sobrenatural (destacado tanto por Luengo como por Bermejo), podemos chegar a sospeitar que a sociedade galaica antiga dispoñía tamén de divindades específicas relacionadas cos camiños e cos ritos de tránsito comunmente asociados a elas.

Sen embargo, nada disto podería inferirse directamente do Cuadrifaz de Pontedeume debido á razón fundamental de non dispoñermos de calquera dato significativo que apunte a un contexto cultural ou cronolóxico inequívoco. En efecto, a pesar do que opinaba Luengo, a súa aparencia non responde a ningunha clave artística ou técnica clasificable segundo criterios obxectivos. Por outra parte, segundo o informe do seu achado, apareceu lonxe de calquera xacemento arqueolóxico coñecido², o que, se ben acae perfectamente a un obxecto depositado orixinalmente á beira dun camiño, limita considerablemente as posibilidades dun encadramento cronolóxico preciso.

Estas limitacións, con todo, non impediron que F.Calo Lourido (1994) incluíse o cuadrifaz no seu catálogo de plástica castrexa galego-portuguesa, ou que a peza fose recentemente mostrada na exposición "Celtas y Vettones" (Ávila, 26 setembro - 9 decembro de 2001) como unha manifestación máis da representación céltica da divindade.

Así e todo, se de manifestacións castrexas do culto ós deuses dos camiños falamos, o Castelo de San Antón posúe, sen dúbida, outros testemuños moito máis sólidos.

BIBLIOGRAFÍA:

- Luengo, J.M^a, 1969: "El Hermes celta de Puentedeume y supervivencias de su culto. Piezas del Museo Histórico Arqueológico de La Coruña". Revista del Instituto J. Cornide de Estudios Coruñeses 1-3 (pp.177-18).
- Bermejo, J.C., 1978: *La sociedad en la Galicia castreña*. Santiago (pp.118-119, lám. V).
- Lorenzo González, S.de, 1989-1990: "Aportaciones al cuadrifaz encontrado en Pontedeume". Brigantium 6 (pp.217-24).
- García Quintela, M.V., 1991: "O mundo castrexo e a súa integración no Imperio Romano". Galicia Historia, tomo I: Prehistoria e Historia Antiga. Edicións Hércules (fotos: p.369, 370, 374, 376).
- Calo Lourido, F., 1994: *A plástica da cultura castrexa galego-portuguesa*, tomo I. A Coruña (pp.385-387, fotos: p.388).

² Atopada en 1924 por Antonio Tenreiro, tería aparecido entre o entullo resultante do derrube dun socalco ou muro de contención dunha finca, nun lugar preto duns mananciais, durante as obras de construción do camiño veciñal Hombre - Pontedeume.

